

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº8 / Ano: 2020 / 1º xornal Mes de xullo / Remate do Estado de Alarma

ROSA COMESAÑA, MATRIARCA DE “CASA ACUÑA”

A siña Rosa era unha persoa cordial, afectuosa,..., e moi apreciada e respectada en Ons. Rexentou a tenda e bar “Acuña” ata que a súa filla e netos se puxeron ao cargo, aínda que non deixou o seu posto ata o mesmo intre do seu pasamento.

A súa naturalidade, simpatía e espontaneidade facíaa insuperable para a troula. Tiña unha habilidade especial e asombrosa para gastar bromas. **Páx. 1**



POSTER


I Campionato Mundial de Chave “Illa de Ons”, celebrado en setembro de 2006. **Páx. 4**

PRIMEIRA VODA CIVIL DE NON ILLÁNS CELEBRADA NA PRAIA DE AREA DOS CANS

No ano 2007 celébrase na Praia de Area dos Cans en Ons a primeira voda civil de persoas non illáns.

Resultou moi orixinal e houbo moita expectación, non só entre os bañistas que se atopaban na Praia senón tamén entre veciños da Illa.

A festa durou ata a noite, onde rematou cunha fogueira de San Xoán na praia das Dornas, con permiso do Parque, quedando logo todo en perfecto estado de revista. **Páx. 2**



CHAMATIVO DEBUXO

Polo ano 1992 apareceu pola Illa un ocorrente debuxo onde unha familia illán vese obrigada a marchar de Ons debido a unha serie de motivos que estaban reflectidos nun brazo que, saíndo de Ons, sinaláballes o continente. **Páx. 1**

ONS NA MEMORIA

Peixe que se poñía a secar a carón das casas como único método de conservación que tiñan en Ons. **Páx. 2**

1927. ENVORCA UNHA CHALANA EN CANEXOL

En 1927 o periódico El Pueblo Gallego, infórmanos do naufraxio dunha gamela que tivo lugar na zona de Canexol, cando os seus tripulantes atopábanse á recollida de mexillón. No accidente morreu un dos mariñeiros. Chama a atención na noticia a confusión co topónimo da praia, xa que escribiron Carrexol. **Páx. 2**



HOMENAXE A JOSÉ CURT

Dedicámoslle unas palabras ao naturalista José Curt, que faleceu no mes de agosto do 2019. En especial por ser o primeiro Presidente da Xunta Xestora do Parque Natural das Illas Cíes e pola falla de sensibilidade do Parque Nacional ao non facerlle unha merecida homenaxe. **Páx. 3**



ONS ARQUEOLÓXICA

Segue a reivindicación para que a administración se preocupe pola parte histórica, arqueolóxica e etnográfica da Illa de Ons que a ten completamente abandonada. Iremos en próximos números debullando este tema. **Páx. 3**



O HUMOR DE ROSA COMESAÑA, MATRIARCA DE “CASA ACUÑA”

Rosa Comesaña, casada con Jesús Acuña, foron os fundadores de “Casa Acuña” na Illa de Ons. Jesús fora nomeado Cabezaleiro da Illa pola administración, daquela, Ministerio do Exército, e facía as veces de Alcalde Pedáneo encargado do cobro do canon agrícola aos veciños e de manter un pouco a orde. Morreu xove e fixéronse cargo do negocio a súa filla Palmira e o seu xenro Manolo (Garulo).

Rosa era unha muller moi estimada e respectada na Illa. Cando a súa filla colleu o negocio de restauración ela quedou, xunto co seu neto Manolito, ao cargo da tenda. Era agarimosa e simpática pero, sobre todo, moi ocorrente, bromista e con moita retranca.

Unha noite de venres, unha cuadrilla dos asiduos veraneantes que acabaran de chegar, decidiran ir á marea a coller nécoras. Entre eles, estaba a nova noiva dun, que nunca viñera a Ons e, para máis, era palentina e de nécoras non sabía ren.

Alá foron e, non sen levar uns cantos golpes polas rochas, trouxeron un caldeiro delas. Ao chegar leváronllas a Palmira para que lles cocera para o día seguinte, pero debido a que o bar, nese intre reconvertido en discoteca, estaba a tope, díxolles que llas levaran a Rosa á tenda e que as puxera a *bo recaudo* ata mañá que as cocería para térnolas de aperitivo ao mediodía.

Puxéronse a cambiarse e dixéronlle á rapaza palentina que llas levara a Rosa. Ao chegar, Rosa, despois de facerlle un hábil interrogatorio, porque non a coñecía, e comprobando que estaba con esa cuadrilla, que eran tamén moi burlóns, díxolle:

- Ai nena!!, eu gárdochas, pero veñen sen escamar. Porque as nécoras, hai que escamalas para que saiban ben. Mira, fágovolo eu, pero non teño aquí a “máquina de escamar nécoras”. Fai favor, vai alí ao bar e dille ao meu xenro, Manolo, que che dea a “máquina de escamar as nécoras”.

A rapaza foi xunto os seus compañeiros e comentoulles o que lle dixera Rosa. Fixeron o imposible por conter a risa, pero seguindo a broma, dixéronlle quen era Manolo e que fora a pedirlla; e alá foi.

Cando lle pediu a Manolo a “máquina”, este tamén fixo grandes esforzos por non rir e collendo tamén o conto, fixo que miraba debaixo da barra como buscándoa, e espetoulle:

- Mira que son, estou a busca e non me din conta que a levou Gloria o do bar <O que Faltaba>, que está aí arriba. Vai ata alí a pedirlla que eu non podo deixar isto.

Saíu de novo e foi xunto o noivo e os seus compañeiros, que estaban a mirar a ver que facía Manolo, e despois de explicarlles o que lle dixera e como aínda estaban a vestirse, dixéronlle que fora ata arriba a pedirlle a Gloria a famosa “máquina”.

Alá foi, aínda que un pouco incómoda xa que non coñecía a ninguén da Illa. Ao chegar, preguntou por Gloria e, ao achegarse esta, díxolle:

- Mire, veño de parte de Manolo, o do bar de abaixo, para que faga o favor de deixarme a “máquina de escamar nécoras” xa que a necesita.

Gloria mirou para ela, preguntoulle quen era e, ao saber de quen era noiva e con que tropa estaba, díxolle:

- Espera un momento que teño que ir por ela á cociña pois estiven usándoa ata hai pouco xa que mañá teño unha comida e pediron moitas nécoras.

Tardou nada e viña cun saco do pan pechado e con algo dentro, que debía pesar ben.

- Toma, dálla a Manolo e dille que non me deu tempo a limpala, pensaba facelo mañá, pero como lle corre présa.

Con grande esforzo, cargou con ela e levouna abaixo. Tan pronto como a viron vir, estaban ao axexo a ver que pasaba, contiveron de novo a risa, ata que, cando entrou a levarlla a Rosa, esta non foi quen de aguantar e a risada sonou en todo Curro. Ela mirou para o seu noivo e cuadrilla e cando os viu a tombos pola chan de risa, colleu un cabreo de carallo e non os matou de milagre.

Moito tardaron en consolala. Rosa fixo de avoa para tranquilizala e animala e, coas súas habilidades, conseguíuno. Tardou un pouco, pero cuns Gin tonic, a música e o baile, foille pasando o enfado.


Cos demais da cuadrilla, o sábado e domingo, moi ben, pero co noivo, chamado Maiquel, non foi a cousa igual, aínda que o disimulaban. A cuadrilla tiña claro que, Maiquel, ese fin de semana, non mollou o *pizarrín*.

Así era Rosa, unha gran muller, adorable, encantadora e moi simpática.



CURIOSO DEBUXO

Este debuxo apareceu pola Illa alá polos anos 90 s.XX. Intentaba dar a entender as causas da emigración forzosa dos veciños de Ons. En cada brazo había un motivo. Entre eles destacamos as fallas dun servizo de luz e auga, de axudas pesqueiras e dun peirao, investigación histórica,..., e que, na actualidade, moitas, aínda seguen vixentes en pleno 2020.



Tamén a Administración deixaba diseminada pola Illa a súa maquinaria inservible. Foto de mediados dos 80.

A PRIMEIRA VODA NA PRAIA

No mes de xuño do ano 2007 coincidindo coa festividade do San Xoán, celebrábase na Praia de Area dos Cans en Ons, a primeira voda civil oficiada pola alcalde de Bueu, Felix Juncal.

Tivo lugar fronte a onde, agora, atópase o chiringuito tendo como fondo lateral a ría de Pontevedra e a Laxe do Abade.

Foi seguida por numeroso público, aparte dos invitados. Resultou moi colorida, pois, contrarrestando o branco da carpa instalada para o evento, estaban os elegantes vestidos dos invitados xunto aos traxes de baño, bikinis, tangas e topless d@s turistas que se atopaban deleitándose do sol e do baño.

A carpa, xa montada, foi trasladada dende Curro, constituíndo unha vistosa procesión, tanto á ida para a cerimonia, como despois de volta para ser instalada na praia das Dornas para a Festa nocturna que programaran xunto á fogueira de San Xoán que se estaba a montar. Resultou un suxestivo acontecemento que a ninguén molestou e que, despois de rematado todo, as zonas utilizadas das dúas praias quedaron completamente limpas.

A partir desa, celebráronse máis vodas en Ons, dende a oficiada a bordo dun barco fronte a praia de Melide ata unha relixiosa, na igrexa de Curro, cun curioso ritual levado a cabo por un novo sacerdote que durante anos acudira a Ons con grupos de rapaces en campamento e que era moi apreciado polos veciños polas axudas que eses rapaces prestaron á comunidade illán.

Como curiosidades comentar que os noivos que celebraron a voda no barco, decidiron pasar a noite de vodas nun piorno, que foi adornado para a ocasión. E, a última voda celebrada na praia de Area dos Cans, foi oficiada por un mozo illán que nese intre era concelleiro de Medio Ambiente no concello de Bueu.



Arriba,:
Felix Juncal
oficiando a
1ª voda civil
celebrada en
Ons.



Abaixo:
Piorno
acicalado
para recibir
aos noivos.




ONS NA MEMORIA

A mediados dos anos 70 s. XX, aínda que xa había electricidade na Illa, a súa potencia era moi escasa e non digamos o tendido eléctrico, que había que reparalo cun mínimo vento. Isto provocou que en Ons non houbera nas casas electrodomésticos polo que a conservación dos alimentos, sobre todo peixe e carne, tiña que ser a base da salga e secado. Nesta foto, mediados anos 70 s.XX do barrio de Canexol, vemos unhas maragotas colgadas dun pau. Estaban a secar despois de pasar polo proceso de salmoira. Maragotas e pintos eran os que máis salgaban, con iso conseguían darlle un peculiar sabor, moi parecido ao do bacallau, e dureza, loxicamente a carón de ser un xeito de conservalos durante meses. A maragota seca era un peixe exquisito, cocido con patacas da Illa e cun prebe moi similar á allada.

NAUFRAXIO DUNHA CHALANA EN CANEXOL

No mes de febreiro deste ano 2020, unha planadora da Illa de Arousa cuxos tripulantes ían ver se había cría de mexillón nas proximidades do Illote Centulo de Ons, sufriron un forte golpe de mar que fixo que envorcara a embarcación desaparecendo no mar un dos seus tripulantes. Tardaron uns días en atopalo e foi grazas a uns mariñeiros de Ons que informaron sobre as correntes que había nesa zona.

No ano 1927, pasou algo parecido. Como podemos ler no xornal El Pueblo Gallego, uns veciños da ría de Vigo achegáronse a Ons co tino de pescar mexillón. Mentres se dedicaban á faena o patrón, que quedara no bote, sufriu tamén un golpe de mar que fixo que caera á auga desaparecendo por mor das correntes. Un illán decatouse do acontecido e logrou poñer a salvo aos que estaban, xa rodeados de mar, na rocha onde se atopaban pescando.



Pronto un nuevo golpe de mar hizo zozobrar la chalana que se hundió, desapareciendo el patrón arrastrado por la corriente.

Mientras, sus cinco compañeros se veían en trance de perecer, pues la peña en que se hallaban había quedado rodeada por el mar que seguía subiendo y amenazaba tragarlos.

Cuando su situación era desesperada, un isleño llamado Vicente García Patiño, acudió con una dorna en su auxilio, logrando salvarlos tras peligrosa lucha con la impetuosa corriente y llevarlos al barco.

Después se dedicó a buscar el cadáver del desaparecido, aunque inútilmente, pues se supone que la corriente debió de arrastrarlo muy lejos.

El Pueblo Gallego.
30 de novembro de 1927

RECORDANDO A JOSÉ CURT MARTÍNEZ



O naturalista José Curt faleceu no mes de agosto do pasado ano 2019. Era enxeñeiro agrícola e licenciado en Bioloxía. Traballou na Escola Naval e foi Coronel de Intendencia. Escribiu un bo número de libros dedicados a temas naturalistas. E foi o primeiro Presidente da Xunta Xestora do Parque Natural das Illas Cíes durante cinco anos.

Sobre estas fermosas illas escribiu varios libros, destacando: “*Mis Cíes, tus Cíes, nuestras Cíes, el libro de un Parque Natural (1989)*”. Era colaborador da Revista Cultural AUNIOS dende 2016 sendo o seu último artigo para esta publicación, no ano 2019, “Gaivotas urbanas. Traidoras da mar”, no que fai un repaso ao seu cargo como Presidente da Xunta Reitora do Parque Natural dando a coñecer diferentes aspectos da problemática das Illas Cíes.

O seu pasamento deixou varios proxectos sen poderse cumprir, un deles era realizar un artigo para o próximo número 25 (2020) de AUNIOS comentando e comparando a nova normativa do Parque Nacional coa que tiña o Parque Natural de Cíes. E outra, era buscar as centos de fotos e diapositivas que tiña sobre Cíes e Ons, en especial, entre os anos 50 e 80 s.XX, xuntarse con membros de Pineiróns e realizar unha visualización delas. Logo escoller aquelas que poderían servir para proceder á súa dixitalización co fin de ser empregadas para reconstruír a historia do século XX desas Illas en todos os campos co axuda da fotografía e celebrar algunha Exposición Fotográfica nos diferentes Centros de Interpretación das propias Illas e na súa central en Vigo.

O seu repentino pasamento deixou esas angueiras sen realizar.

O que non acabamos de entender é como os responsables do Parque Nacional non realizaron ningún tipo de homenaxe á súa figura. Como calquera persoa, terá os seus partidarios e os seus detractores con respecto á súa xestión do Parque, pero iso non quita o traballo realizado nuns momentos difíciles e tal como se atopaban as Illas Cíes nos anos 80. Non concibimos como só un pequeno artigo na Voz, outro da SEO/BirdLife, un máis da As. Española de Militares escritores, Milagros Bará e o noso colaborador Cosme D. Romay Cousido no nº 25 de Aunios deste ano, son a única homenaxe recibida, nin o Parque, nin a Consellería nin os que estiveron con el nesa Xunta Xestora de Cíes, agás que se me pasaran, non tiveran unhas palabras para o que fora o primeiro Presidente do Parque Natural das Cíes, que foi o preámbulo do posterior Parque Nacional das Illas Atlánticas.




ARQUEOLOXÍA NA ILLA DE ONS

Cando chegamos a Ons hai máis de 45 anos e interesámonos pola súa cultura, démonos conta, cando intentabamos indagar sobre ela, que había unha falla enorme de investigación sobre esa comunidade, aínda que a medida que iamos atopando datos, descubríamos a importancia desta colectividade humana e do seu significativo potencial histórico e arqueolóxico. Foi a partir de 1980, despois de máis de cinco anos na procura de datos, cando nos puxemos a reivindicar estudos completos e exhaustivos sobre esta Illa. Pero, agás os traballos de Alonso Romero sobre unha Alternativa de Futuro para Ons e o seu estudo sobre o Mito da Santa Compañía (1979/1981), e a investigación de Pedro de Llano sobre a súa arquitectura (1981), só atoparemos un bo número de artigos de prensa dando a coñecer as importantísimas peculiaridades socio-histórico-etnográficas da Illa co fin de alentar aos investigadores e á universidade galega para que dun xeito científico realizaran pescudas sobre a valiosa historia e arqueoloxía illán. Por desgracia nada se fixo, pero seguiuuse coa teima, aparecendo xa nos anos 90 o libro de Estanislao F. de la Cigöña e outro de María Jesús Otero Acuña dando a coñecer as características xerais de Ons e, posteriormente, o magnífico libro de Stafant Mörling sobre as Embarcacións Tradicionais de Galicia onde Ons ocupa un lugar preferente. Algún traballo illado sobre a fauna e flora de Ons seguiron a Mörling e nada máis, ata que Paula Ballesteros dá a coñecer a Salga de Canexol e, por mor dos moitísimos escritos enviados a Parques, as saídas á prensa e os informes enviados sobre a falla de estudos e investigación histórica, arqueolóxica e etnográfica, é cando comezan a patrocinar algún traballo nestes campos co fin de non ser tan criticados. Así xurde un libro sobre naufraxios e se subvenciona á arqueóloga Ballesteros o traballo sobre a Salga da Praia de Canexol e posteriormente, o que podemos considerar, un magnífico Catálogo, sobre os puntos arqueolóxicos e etnográficos de Ons. Agora xa sabemos, por persoas cualificadas, todo o que hai para traballar en Ons, que supera con moito á parte ecolóxico-natural, pero aínda Parques segue remisa a avanzar nestes campos. Intentaremos en varias entregas, dar a coñecer ese importante campo histórico-arqueolóxico que Ons posúe.





LANZADORES



ANIMADORAS PARQUES



ANIMADORAS PINEIRÓNS



PARTICIPANTES



TROFEOS



TABO BEN ACOMPAÑADO



CAMPIÓNS



GAÑADORES



ANOTADORES



FESTA RACHADA

